



Normativa avaliación LOMLOE

AVALIACIÓN LOMLOE

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece na súa disposición derradeira quinta o seu calendario de implantación, que recolle que ao inicio do curso seguinte á entrada en vigor dalei se implantarán as modificacións introducidas na avaliación e nas condicións de promoción das diferentes etapas educativas e as modificacións introducidas nas condicións de titulación da educación secundaria obrigatoria, dos ciclos formativos de grao básico e do bacharelato.

Como consecuencia da publicación da Orde do 25 de xaneiro de 2022, modifícanse **no presente curso escolar** :

- 1) Os criterios de promoción e titulación
- 2) Os criterios de matrícula de honra (no caso da ESO).

CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN

A norma non recolle os criterios concretos de promoción de EP (artigo 6), mais si os criterios de promoción e titulación da ESO que veñen recollidos na Orde do 25 de xaneiro de 2022 nos artigos 8, 10, 14 e 15.

PROMOCIÓN

- Os criterios de promoción na ESO son superar todas as materias ou ámbitos cursados, ou ter avaliación negativa nunha ou dúas materias (artigo 8).

Ademais, no caso de ter máis de dúas suspensas, estableceuse catro criterios que se teñen que dar **simultaneamente**:



Normativa avaliación LOMLOE

- 1) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que esteam matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- 2) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- 3) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- 4) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.
- 5) TITULACIÓN

Os **criterios de titulación na ESO** son superar todas as materias ou ámbitos cursados, ou que se cumpran **simultaneamente** as seguintes tres condicións (artigo 10):

- 1) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea cinco.
- 2) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas. *Para acreditar esta condición resulta máis práctico demostrar que non as adquiriu.*
- 3) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.
Para acreditar esta condición resulta máis práctico demostrar que non os acadou.



Normativa avaliación LOMLOE

CRITERIOS DE MATRÍCULA DE HONRA

Os criterios de matrícula de honra (no caso da ESO) están recollidos no artigo 12 para a ESO.

O número de alumnado matriculado en 4ºESO determina o número de matrículasde honra que poden conceder. Desta forma as matrículas calcúlanse en función de todo o alumnado matriculado en 4ºESO, Así temos que:

Nº de alumnado matriculado	Nº matrículas de honra
De 0 a 29 alumnos e alumnas	1
De 30 a 49 alumnos e alumnas	2

A obtención da mención de matrícula de honra, será consignada nos documentos de avaliación do alumno ou alumna.

Os criterios para a obtención da matricula de honra son:

- Obter unha nota media do 4º curso igual ou superior a 9 puntos
- Obter unha nota media de 9 no cómputo total dos 3 primeiros cursos da ESO
- Participar activa e voluntariamente en actividades complementarias e de fomento da convivencia do centro

Criterios para o desempate :

- O alumno ou alumna no tivo ninguna falta (leve ou grave) en contra das normas de convivencia do centro
- O alumno ou alumna non ten faltas de puntualidade inxustificadas



Normativa avaliación LOMLOE

MATERIAS PENDENTES

- Computaranse a efectos de todas as materias das que estea matriculado, sexan pendentes de cursos anteriores ou non.
- No caso da titulación a norma establece no artigo 10 que acadará a titulación que supere todas as materias das que está matriculado, incluíndo pendente, e no caso de non ser así establece uns criterios de titulación que teñen que darse simultaneamente.
- O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar **deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.** Este plan de reforzo realizárase, no caso da ESO, seguindo as directrices do artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021.
- En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, **para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.**
 - Polo tanto, **o feito de superar a materia equivalente do seguinte curso, non implica que se teña aprobada a pendente do curso anterior.**
- Do mesmo xeito, con respecto ás avaliacións pendentes, tanto en Primaria como na ESO:
- Un alumno non ten porque aprobar a primeira e a segunda por aprobar a terceira,



Normativa avaliación LOMLOE

- Nin ten aprobado o curso por aprobar a terceira,
- Nin ten porque coincidir a nota da terceira avaliación coa nota da avaliación final ordinaria.

A **avaliación é continua** na medida en que forma parte dos procesos de ensino e aprendizaxe e **ten carácter formativo e orientador** permitindo detectar as dificultades no momento que se producen e, en consecuencia, incorporar medidas de ampliación, enriquecemento, reforzo ou de adaptación que permitan garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo do alumnado e unha mellor adecuación da práctica docente.

A **avaliación progresiva** é aquela na que en cada momento do curso, estase a traballar e avaliar todo o anteriormente traballado ao longo del.

A **avaliación sempre ten que ser continua, o que implica un rexistro constante** para o que se utilizarán distintos procedementos e instrumentos de avaliación (observación, probas orais, probas escritas, traballos, participación...); **mais a avaliación non ten por que ser progresiva**, dado que en moitas materias existen partes diferenciadas que poden non ser avaliadas de forma progresiva. Cada departamento establecerá os criterios de cualificación de cada unha das avaliacións parciais, da avaliación final ordinaria.

A cualificación final ordinaria determinarase mediante os criterios sinalados na programación didáctica de cada asignatura

- Os criterios de cualificación de cada avaliación, e logo, os criterios de cualificación da avaliación final ordinaria e, de ser o caso, extraordinaria, deben ser obxectivos, e cuantificables a través dunha fórmula matemática.
- A cualificación obtida será a que corresponda de acordo cos criterios de cualificación correspondentes a esa avaliación recollidos na programación didáctica. Se un alumno ou unha alumna acada os obxectivos, corresponderalle a cualificación establecida ao seu grao de consecución,



Normativa avaliación LOMLOE

independentemente do momento en que o consigue.

- No período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final ordinaria, o alumnado pode ser avaliado de novo para mellorar a súa cualificación daqueles criterios de avaliación aplicados a aquelas unidades didácticas nas que non obtivera a máxima nota. Esta avaliación realizarase empregando os procedementos e instrumentos máis idóneos non tendo que ser necesariamente unha proba escrita..

- **O alumnado que teña superadas as tres avaliacións trimestrais podería subir a súa cualificación. Non obstante, non podería baixala.**

Pode subir a cualificación en función do que corresponda tras aplicar os criterios de cualificación á avaliación na que mellorou as súas aprendizaxes, e logo, o que corresponda segundo os criterios de cualificación da avaliación final ordinaria. Todo estes criterios estarán recollidos na programación didáctica.

- A avaliación de pendentos . O seu tratamento é idéntico ao das materias do curso actual, podendo realizar as actividades de recuperación que se desenvolven entrea 3ª avaliación e a avaliación final ordinaria.

- **Cada curso só se pode repetir unha vez e de xeito excepcional pódese permanecer en 4º ESO un ano máis, aínda esgotado o máximo de permanencia.** A Orde do 25 de xaneiro de 2022 recolle no seu artigo 8.7 que: “En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. **De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa.** Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de



Normativa avaliación LOMLOE

educación.”. A única condición é que o **equipo docente** valore positivamente esa medida para o caso concreto.

Avaliación alumnado con ACS

Os criterios de promoción e titulación son idénticos ao resto do alumnado. A única diferenza é que o currículo para o alumnado con ACS é o recollido na correspondente adaptación. No resto, os criterios de promoción e titulación son exactamente os mesmos que para o resto de alumnado.

E. PRIMARIA

Repetición dun curso

A non promoción dun alumno, e polo tanto a repetición dun curso, é sempre unha medida de carácter extraordinario, que como recolle o artigo 6 da Orde do 25 de xaneiro de 2022 outorga a competencia sobre a decisión da promoción dun alumno ou dunha alumna ao equipo docente do grupo, oída á familia.

Esta decisión tomarase se, unha vez aplicadas **medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe**, o alumno ou alumna continúa tendo dificultades que lle impiden acadar o mínimos exisibles.

Todas as medidas ordinarias de reforzo e apoio serán comunicadas ás familias e constarán nos documentos de avaliación do alumnado.

A repetición só pode darse en 2º, 4º e 6º EP, tal como establece o artigo 6 da Orde do 25 de xaneiro de 2022 e sempre tendo en conta a Orde do 25 de xaneiro de 2022 recolle no seu artigo 8.7 que: “En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio.”



Normativa avaliación LOMLOE

AVALIACIÓNS Ó LONGO DO CURSO

- Ao longo do curso realizáranse as seguintes avaliacións e nas seguintes datas:

PRIMARIA:

Realizaranse polo menos tres sesións de avaliación parciais ao longo do curso, unha avaliación inicial (no primeiro mes) e unha avaliación final
ADEMÁS DE DÚAS PREAVALIACIÓNS, NO PRIMEIRO E SEGUNDO TRIMESTRES

Preavaliación : 5 novembro

1º Avaliación : 21 decembro

Preavaliación . 4 marzo

2º Avaliación : 8 abril

3º Avaliación/ordinaria : 22 xuño

ESO:

Realizaranse tres sesións de avaliación parciais ao longo do curso, unha avaliación inicial (ao comezo do curso) e unha avaliación final ordinaria (posterior á terceiraavaliación parcial).

ADEMÁS DE DÚAS PREAVALIACIÓNS, NO PRIMEIRO E SEGUNDO TRIMESTRES

Preavaliación : 5 novembro

1º Avaliación : 10 decembro

Preavaliación . 11 febrero

2º Avaliación : 11 marzo

3º Avaliación: 10 xuño

Avaliación final ordinaria : 21 xuño



Normativa avaliación LOMLOE

- So o profesorado que imparte docencia a un alumno ou alumna pode decidir sobre a súa promoción e/ou titulación.
- Se un/ha alumno/a non pode presentarse aos exames finais da ESO (20- 22/06) con xustificante médico, poderá facérselle a proba en calquera momento no período anterior á sesión da avaliación correspondente.